

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

**IES XOÁN MONTES**

<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>5</b>
Marco Legal.....	5
Matemáticas.....	6
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais.....	7
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	9
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	11
<b>CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>12</b>
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).....	12
Competencia en comunicación lingüística (CCL).....	14
Competencia dixital (CD).....	14
Competencia sociais e cívicas (CSC).....	14
Conciencia e expresións culturais (CCEC).....	15
Competencia para aprender a aprender (CAA).....	15
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).....	17
<b>OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.....</b>	<b>18</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS BACHARELATO.....</b>	<b>20</b>
<b>1º ESO. Matemáticas.....</b>	<b>22</b>
TEMPORALIZACIÓN 1º ESO.....	37
<b>2º ESO. Matemáticas.....</b>	<b>39</b>
TEMPORALIZACIÓN 2º ESO.....	52
<b>3º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....</b>	<b>55</b>
TEMPORALIZACIÓN 3º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	69
<b>3ºESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....</b>	<b>72</b>
TEMPORALIZACIÓN 3ºESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	85
<b>4º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....</b>	<b>88</b>
TEMPORALIZACIÓN 4º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	101

<b>4º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....</b>	<b>104</b>
TEMPORALIZACIÓN 4º DE ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	116
<b>BACHARELATO. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.....</b>	<b>119</b>
TEMPORALIZACIÓN 1º BACHARELATO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	134
<b>BACHARELATO. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.....</b>	<b>136</b>
TEMPORALIZACIÓN BACHARELATO. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.....	147
<b>BACHARELATO. Matemáticas I.....</b>	<b>149</b>
TEMPORALIZACIÓN BACHARELATO. Matemáticas I.....	164
<b>BACHARELATO. Matemáticas II.....</b>	<b>167</b>
TEMPORALIZACIÓN BACHARELATO. Matemáticas II.....	180
<b>MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....</b>	<b>182</b>
Introdución.....	182
TEMPORALIZACIÓN MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....	188
<b>INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E A PRACTICA DOCENTE.....</b>	<b>190</b>
<b>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</b>	<b>191</b>
<b>AVALIACIÓN ORDINARIA.....</b>	<b>191</b>
<b>RECUPERACIÓN-NOTA FINAL DE XUÑO:.....</b>	<b>192</b>
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....</b>	<b>193</b>
<b>SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.....</b>	<b>193</b>
Xustificación de faltas de asistencia.....	195
<b>CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....</b>	<b>195</b>
<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICO QUE SE VAN A UTILIZAR.....</b>	<b>196</b>
<b>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>197</b>

<b>ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS.....</b>	<b>197</b>
<b>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS. .</b>	<b>198</b>
<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</b>	<b>198</b>
<b>CONCRECION DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....</b>	<b>199</b>
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>200</b>
<b>TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA.....</b>	<b>201</b>
<b>TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.....</b>	<b>201</b>
<b>CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....</b>	<b>202</b>
<b>MECANISMOS DE REVISIÓN, EVALUACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGARMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....</b>	<b>202</b>
<b>CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO E INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO.....</b>	<b>204</b>

# INTRODUCCIÓN

## Marco Legal

A programación didáctica do Departamento de Matemáticas desenvolvida neste documento **está baseada:**

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa ou LOMCE (DOG Núm. 120 do luns 29 de xuño de 2015),
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2017/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Matemáticas

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ningún se vexa minguido por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os

resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

## **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais**

As matemáticas son un instrumento indispensable para interpretarmos o mundo que nos rodea e expresarmos os fenómenos sociais, científicos e técnicos dun mundo cada vez máis complexo; contribúen de xeito especial á comprensión dos fenómenos da realidade social, de natureza económica, histórica, xeográfica, artística, política, sociolóxica, etc., xa que desenvolven a capacidade de simplificar e abstraer, favorecendo a adquisición da competencia de aprender a aprender.

As matemáticas teñen un carácter instrumental como base para o progreso na adquisición de contidos doutras disciplinas. Por exemplo, na economía, a teoría económica explica os fenómenos económicos cunha base matemática. A teoría de xogos ou a teoría da decisión son outro exemplo das aplicacións neste campo. Na socioloxía e nas ciencias políticas emprégase cada vez con maior frecuencia a análise de enquisas, entre outras aplicacións. Tampouco debe esquecerse a contribución das matemáticas a outras áreas como a xeografía, a historia ou a arte, onde tiveron unha recoñecida influencia e, en xeral, serviron como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Isto consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para o lograr, cómpre analizar a situación; identificar o que é verdadeiramente salientable; establecer relacións; facer a modelización e ser quen de representala e de comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes adecuadas para expresar as ideas matemáticas e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipótese e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na futura vida profesional.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que ha permitir fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

A materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais está dividida en dous cursos: o seu ensino débese comezar tendo en conta o grao de adquisición da competencia matemática que o alumnado logrou a longo da ESO. Para lograr esta continuidade, igual que acontece no currículo básico das materias de matemáticas de ESO, os coñecementos, as competencias e os valores están integrados, e formuláronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis tendo en conta a relación necesaria entre os devanditos elementos, tamén en bacharelato.

A materia estrutúrase en torno a catro bloques de contido: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Análise", e "Estatística e probabilidade".



O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común aos dous cursos e transversal: débese desenvolver simultaneamente ao resto de bloques de contido e é o eixe fundamental da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a matematización e modelización, as actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e a utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e os temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento, respectivamente, ao longo de toda a materia. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico, e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de xeito comprensivo os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Os elementos que constitúen o currículo básico en primeiro curso fundamentan os principais conceptos dos bloques de contido, ademais de ofrecer unha base sólida para a interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. En segundo curso, afóndase nas achegas da materia ao currículo do bacharelato, en particular mediante a inferencia estatística, a optimización e a álgebra lineal.

## **Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas**

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

No desenvolvemento do currículo débese ter en conta o carácter propedéutico da materia correspondente ao cuarto curso de ESO, segundo figura no artigo 12 do Real decreto 1105/2014, que establece o currículo de ESO, que a fai necesaria para ensinanzas postobrigatorias.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os devanditos elementos. Todo iso xustifica que se organizase en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia; artículase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de maneira individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico, e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporáronse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

## **Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas**

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas parte do currículo de Matemáticas de primeiro e de segundo de ESO, e dálle á materia un enfoque eminentemente práctico dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan ao alumnado continuar estudos de formación profesional.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os referidos elementos. Todo iso xustifica que se organice en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia. Articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de xeito individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

## **CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Na regulación das ensinanzas mínimas ten especial relevo a definición das *competencias clave*. A incorporación de competencias clave no currículo permite poñer o acento nas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, dende un plantexamento integrador e orientado a aplicación dos saberes adquiridos, de aquí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que ten que ter desenvolvido un ou unha xove ao finalizar a enseñanza obrigatoria para poder conseguir a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse a vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver un aprendizaxe permanente ao longo da vida. As precitadas competencias clave comezaron a desenvolverse na etapa educativa anterior, serán completadas na educación secundaria obrigatoria e deberán ser alcanzadas por todo o alumnado.

As matemáticas na ESO non son só un fin en si mesmo, senón un medio para que o alumnado acade as competencias clave correspondentes á etapa. As matemáticas son especialmente adecuadas para axudar a conseguir entre aquelas, as ligadas á comunicación lingüística, ao tratamento da información, ao coñecemento e interacción co mundo físico, ao ámbito social, cidadán, cultural e artístico e á autonomía necesaria para actuar con criterio propio e tomar iniciativas, responsablemente, nos diversos aspectos que afecten a súa vida, incluído o campo da aprendizaxe. Pero ademais pode axudar a consecución das demais competencias clave.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Como indica o seu nome, as matemáticas parecen moi axeitadas para que o alumnado, ao termo da etapa de secundaria, adquira esta competencia, definida do seguinte xeito:

“Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Así mesmo, esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención de información. Estes procesos permiten aplicar esa información a unha maior variedade de situacións e contextos, seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, e estimar e axuizar a lóxica e validez de argumentacións e informacións. En consecuencia, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica, o que conduce a identificar a validez dos razoamentos e a valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.

Esta competencia cobra realidade e sentido na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos son empregados para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Xa que logo, a identificación de tales situacións, a aplicación de estratexias de resolución de problemas e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible están incluídas nela. En definitiva, a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos tan variados como sexa posible. Por iso, o seu desenvolvemento na educación obrigatoria alcanzárase na medida en que os coñecementos matemáticos se apliquen de xeito espontáneo a unha ampla variedade de situacións, provenientes doutros campos de coñecemento e da vida cotiá.

Entendemos que todo o currículo da materia contribúe a adquisición da **competencia matemática** porque forma parte do propio obxecto de aprendizaxe a capacidade para empregar distintas formas de pensamento matemático, con o obxecto de interpretar e describir a realidade e actuar sobre ela. Todos os contidos están orientados a aplicar as destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, empregando as ferramentas adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para obter conclusións, reducir a incerteza e para enfrontarse a situacións cotidianas de diferente grao de complexidade. E preciso sinalar que non tódalas formas de ensinar matemáticas contribúen por igual a adquisición da competencia matemática: o énfase na funcionalidade das aprendizaxes, a súa utilidade para

comprender o mundo que nos rodea e a mesma selección das estratexias para a resolución dun problema determinan a posibilidade real de aplicar as matemáticas ós diferentes campos de coñecemento ou a distintas situacións na vida cotiá.

Capacitar as alumnas e aos alumnos para que se desenvolvan de forma autónoma nun mundo caracterizado polos avances científico-técnicos require que adquiran as bases do pensamento científico necesarias para poder interpretar o mundo dos obxectos e dos fenómenos cos que convivimos. Esa interpretación precisa da axuda do coñecemento matemático tanto na linguaxe e conceptos que utiliza como nas formas de argumentación e razoamento empregadas para a resolución dos problemas facendo útiles e prácticos os coñecementos adquiridos. A discriminación das formas, relacións e estruturas xeométricas, especialmente co desenvolvemento da visión espacial e a capacidade para transferir formas e representacións entre o plano e o espacio contribúe a aumentar esta competencia. A modelización e outro referente no mesmo sentido, a elaboración de modelos esixe identificar e seleccionar as características relevantes dunha situación real, representala simbolicamente e determinar pautas de comportamento, regularidades e invariantes que permiten facer predicións sobre a evolución, e as propias limitacións do modelo.

### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Ninguén dubida de que a linguaxe natural, oral e escrita, é un instrumento de aprendizaxe e de comunicación de saberes sen o que dificilmente se progresa. É necesario que todo o alumnado aprenda a verbalizar os conceptos, a facer explícita unha idea, a redactar un escrito ou a expoñer un argumento. Adquirir esta competencia supón aprender lingua cando se usa en situacións e contextos de comunicación diversos. Un de tales contextos é o que proporciona a área de matemáticas. Pero, ademais, a propia linguaxe matemática destaca pola precisión nos seus termos e pola súa capacidade para transmitir conxecturas gracias ó seu léxico propio de carácter sintético, simbólico e abstracto. A comunicación lingüística na área de matemáticas ten características propias como son a súa precisión, a súa concisión e a súa falta de ambigüidade, e o dispoñer de símbolos propios e de diferentes rexistros de linguaxe (numérica, alxébrica, gráfica...) que están destinados a conseguir expresar claramente acontecementos presentes na vida cotiá. Polo tanto en todas as relacións de ensinanza e aprendizaxe das matemáticas e en particular na resolución de problemas ten moita importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e os procedementos seguidos porque axudan a formalizar o pensamento.

### **Competencia dixital (CD)**

Na sociedade actual, ademais das tradicionais, impóñense outras fontes de información, os medios audiovisuais e as TIC, polo tanto faise necesario que o alumnado adquira as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información para transformala en coñecemento, mantendo en todo momento unha

posición crítica. O profesorado incorporará as ferramentas tecnolóxicas como recurso didáctico para a aprendizaxe e a resolución de problemas e asemade non se limitará a ser él a única fonte de información, senón que terá que ensinar ó alumnado a buscar información relevante durante os procesos de ensinanza e de aprendizaxe.

### **Competencia sociais e cívicas (CSC)**

A historia das civilizacións amosa que os saberes e descubrimentos non entenden de fronteiras. Sociedades que poden estar atravesando por dificultades na actualidade ou mesmo outras que desapareceron foron no seu momento os faros que deron luz ao resto do mundo. A historia das matemáticas está ligada á historia da humanidade e, na parte que lle corresponde, é útil para que poidamos comprender certos acontecementos do pasado e do presente e mesmo predicir os do futuro.

A comprensión da realidade social do mundo no que vivimos e o exercicio da cidadanía de maneira democrática son necesarios para a integración dos estudantes da ESO na sociedade. Determinados aspectos desta realidade, por exemplo, movementos migratorios, o papel da muller na sociedade, cuestións relacionadas con distintos tipos de violencia, etc, poden entenderse mellor na medida en que poidan ser analizados. Para comprender a pluralidade da sociedade española e europea pode cuantificarse a súa composición desde diferentes criterios (xeográficos, económicos, culturais, raciais, etc.) o que devén nun afondamento do coñecemento desa pluralidade. De novo as porcentaxes, a análise de táboas e gráficas e a estatística son os contidos matemáticos máis axeitados para facer estes estudos e tamén para predicir e tomar decisión

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Dous dos aspectos máis salientables da realidade social son os ámbitos cultural e artístico. Pero non só forman parte da cultura da nosa sociedade as producións literarias, a música, a pintura, ou a arquitectura. A ciencia e, en particular, as matemáticas son unha parte integrante dela. Moitas das creacións culturais da humanidade xamais se terían realizado sen o seu concurso. Abonda lembrar que, hai máis de vintecinco séculos, a música e as matemáticas se entrelazaban na escola pitagórica. Múltiples manifestacións da arquitectura, escultura e pintura de diferentes épocas constitúen exemplos nos que se detecta a súa relación directa coas matemáticas. Estas conexións das matemáticas e a música, a arquitectura ou a arte non son cousa exclusiva do pasado. Exemplos actuais de vangarda serían magníficos representantes do que queremos dicir; pénsese, por exemplo, na música estocástica, nas formas en tensión ou na arte fractal.

### **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

Os avances no proceso de resolución dun problema, aínda sen ter acadada unha solución, proporcionan unha satisfacción que recompensa o esforzo realizado e redonda na autoestima. Nese proceso de resolución sempre se aprende algo, aínda que sexa vendo o que xa coñecemos desde outro punto de vista. Pero tamén se poñen en xogo estratexias de aprendizaxe como a formulación de preguntas, o sentimento de curiosidade pola exploración de obxectos e situacións, a observación e rexistro sistemático de feitos e relacións, a integración e relación da nova información con outros datos e coa propia experiencia e coñecementos anteriores, a utilización de técnicas de consulta e a disposición a aceptar diferentes puntos de vista, perseveranza, sistematización, reflexión crítica, ou a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo. Pode, polo tanto, considerarse como un proceso de aprendizaxe autónoma que fai que a competencia de aprender a aprender se fortaleza.



## **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Coa metodoloxía póñense tamén en xogo destrezas relativas á autonomía e a iniciativa persoal, dado que no proceso de resolución dun problema, en moitas ocasións, é necesario optar con criterio propio entre varias vías, desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, planificar estratexias, asumir retos, convivir coa incertidume e controlar os procesos na tomade decisións Tamén esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a liberdade, a demora da satisfacción, a confianza na propia capacidade para enfrontarse a eles con éxito e adquirir un nivel adecuado de autoestima, que permita gozar dos aspectos creativos, manipulativos, estéticos e utilitarios das matemáticas.

## OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS XERAIS BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 1º ESO. Matemáticas

Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo %	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables e suposición do problema resolto.</li> <li>▪ B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes.</li> <li>▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cómpre resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cómpre a resolver, e valora a súa utilidade e a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc.</li> <li>▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> <li>▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> </ul>	xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.3.2. Reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.).</li> </ul>	▪ 10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ g ▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> <li>▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>▪ B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.</li> <li>▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.</li> <li>▪ MA2B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</li> <li>▪ MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que haxa que demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>100</li> <li>100</li> <li>100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT ▪ CD</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	<p>realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>- Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>- Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.5.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc.</li> <li>▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> <li>▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<p>dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.</p>	ou probabilísticos.	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.6.2. Busca conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> <li>▪ B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
			investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos e, sí mesmo, formula posibles continuacións da investigación; analiza os puntos fortes e débiles do proceso e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, e estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	en equipo.	limitacións dos modelos utilizados ou construídos.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, autocrítica constante, etc.).</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados; etc.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas; valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados; aprendendo diso para situacións futuras; etc.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas asecuadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou</li> </ul>	10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>- Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>- Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>- Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>- Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul>	fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	difusión.			
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</li> </ul>	▪ 10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.14.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> </ul>	▪ 10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>	▪ 10	100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Números e álgebra						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.</li> <li>▪ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utilizar a linguaxe matricial e as operacións con matrices para describir e interpretar datos e relacións na resolución de problemas diversos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	reais.		de medios tecnolóxicos.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.</li> <li>▪ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.</li> <li>▪ B2.3. Determinantes. Propiedades elementais.</li> <li>▪ B2.4. Rango dunha matriz.</li> <li>▪ B2.5. Matriz inversa.</li> <li>▪ B2.6. Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Método de Gauss. Regra de Cremor. Aplicación á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, determinantes e sistemas de ecuacións), e interpretar criticamente o significado das solucións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlaa empregando o método máis axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.4. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplica para resolver problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Análise						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Límite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de descontinuidade. Teorema de Bolzano.</li> <li>▪ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</li> <li>▪ B3.3. Aplicacións da derivada:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudar a continuidade dunha función nun punto ou nun intervalo, aplicando os resultados que se derivan diso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de descontinuidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.1.2. Aplica os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	problemas de optimización.					
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</li> <li>▪ B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos, de cálculo de límites e de optimización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.2.1. Aplica a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.2.2. Formula problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas elementais para o cálculo de primitivas (integrais inmediatas e case inmediatas, racionais, por partes e por cambios de variable sinxelos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Calcular integrais de funcións sinxelas aplicando as técnicas básicas para o cálculo de primitivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.3.1. Aplica os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
▪ g ▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow. Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aplicar o cálculo de integrais definidas na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables e, en xeral, á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.4.1. Calcula a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.4.2. Utiliza os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
Bloque 4. Xeometría						
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Resolver problemas xeométricos espaciais, utilizando vectores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.1.1. Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
			problemas xeométricos.			
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.</li> <li>▪ B4.3. Posicións relativas (incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Resolver problemas de incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos utilizando as ecuacións da recta e do plano no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.1. Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.</li> <li>▪ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.</li> <li>▪ B4.4. Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Utilizar os produtos entre vectores para calcular ángulos, distancias, áreas e volumes, calculando o seu valor e tendo en conta o seu significado xeométrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos.</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.4. Realiza investigacións utilizando programas informáticos específicos para</li> </ul>	▪ 10	▪ 100	▪ CMCCT

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
			seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera.			
Bloque 5. Estatística e probabilidade						
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.</li> <li>▪ B5.2. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</li> <li>▪ B5.3. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</li> <li>▪ B5.4. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais e verosimilitude dun suceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos (utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade), así como a sucesos aleatorios condicionados (teorema de Bayes), en contextos relacionados co mundo real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B5.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</li> <li>▪ MA2B5.1.2. Calcula probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.</li> <li>▪ MA2B5.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> <li>▪ 100</li> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución).</li> <li>▪ B5.6. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</li> <li>▪ B5.7. Distribución normal. Tipificación da distribución normal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de diferentes sucesos asociados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B5.2.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica.</li> <li>▪ MA2B5.2.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.</li> <li>▪ MA2B5.2.3. Coñece as características e os parámetros da distribución normal e valora a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> <li>▪ 100</li> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao Mínimo	Competencias clave
	Asignación de probabilidades nunha distribución normal.		súa importancia no mundo científico.			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da distribución binomial pola normal.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B5.2.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B5.2.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de forma crítica informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, en especial os relacionados coas ciencias e outros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos como na das conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar e elabora análises críticas sobre traballos relacionados coa probabilidade e/ou a estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 100</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

## TEMPORALIZACIÓN BACHARELATO. Matemáticas II

A temporalización dos contidos ten que adecuarse sempre a realidade da aula, está polo tanto suxeita ós axustes que consideremos necesarios impostos pola continua avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe. Como referencia xenérica establecemos:

O Bloque 1 (Contidos comúns) será tratado simultaneamente con todos os demais bloques de contidos, vinculado a eles e ós contextos que seleccione o profesor para o seu desenvolvemento.

TEMPORALIZACIÓN por sesións	1 <sup>a</sup> AVAL	2 <sup>a</sup> AVAL	3 <sup>o</sup> AVAL
Límite dunha función. Continuidade. Teorema de Bolzano	12		
Derivabilidade. Teoremas de Rolle e do valor medio. Regra de L'Hopital	12		
Problemas de optimización	7		
Integral indefinida	12		
Integral definida. Regra de Barrow. Áreas	15		
Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral	3		

Números complejos	6	
Matrices. Operacións.	4	
Determinantes	6	
Rango dunha matriz. Matriz inversa	4	
Sistemas. Teorema de Rochè-Frobenius Método de Gauss. Regra de Cramer	10	
Vectores no espazo. Operacións	10	
Ecuacións da recta e o plano no espazo	8	
Posicións relativas	6	
Propiedades métricas	10	
Sucesos. Probabilidade. Regra de Laplace	9	
Combinatoria	6	
Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada	8	
Teoremas da probabilidade total e de	6	

Bayes	
Variables aleatorias discretas e contínuas	14
Distribución binomial e normal. Aproximación da binomial pola normal.	12

## MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

### Introdución

As matemáticas proporcionan ferramentas para a creación de modelos no estudo de diferentes fenómenos. En ocasións é posible definir relacións funcionais entre as magnitudes implicadas, obténdose modelos deterministas, pero moitos fenómenos son tan complexos no seu comportamento e interveñen neles tantas magnitudes que precisan modelos estocásticos para un mellor estudo. Faise necesario, xa que logo, complementar a formación científica xeral que o alumnado de bacharelato alcanza a partir doutras materias cunha educación neste pensamento estatístico e probabilístico.

A materia de Métodos Estadísticos e Numéricos contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros, formular outros problemas, outras preguntas e mesmo atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións adecuadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade, poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; e os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de aprender a aprender, ao desenvolver a capacidade de abstraer e

simplificar; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, á medida que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, a comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros. Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego de diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, a comprobación e a aceptación ou o rexeitamento de hipóteses, o deseño, o emprego e o contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais onde os conceptos e os métodos estatísticos e numéricos empregados amosan tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Os contidos de estatística e probabilidade seleccionados para estes métodos estatísticos e numéricos apóianse nos estudados na educación secundaria obrigatoria e nas Matemáticas do bacharelato, ampliándoos nalgúns casos. Así sucede coas series temporais, coa mostraxe e a estatística inferencial e coa probabilidade condicionada, que ademais proporcionan bases para modelar e resolver unha gama máis ampla de problemas. Así mesmo, os métodos numéricos proporcionan modos de resolución de problemas, que non poderían abordarse de maneira simbólica e para cuxa realización se precisan a calculadora ou programas informáticos. O emprego destas ferramentas tecnolóxicas non só libera tempo de tarefas repetitivas para outras como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións e a interpretación dos resultados, etc., senón que é tamén unha axuda no ensino de conceptos e propiedades.

Os contidos están estruturados en seis bloques: "Mostraxe", "Estatística inferencial", "Probabilidade condicionada", "Series temporais", "Programación lineal" e "Métodos numéricos". O coñecemento dos contidos que se propoñen e dalgúns das múltiples aplicacións que a estatística ten no mundo biolóxico, físico, económico, histórico, xeográfico, social ou político proporcionálles aos/ás estudantes as bases para abordar estudos posteriores. Así mesmo, cos coñecementos adquiridos a través desta materia pódense analizar diversas situacións cotiás ou as informacións que, revestidas dun formalismo estatístico, aparecen nos medios, contribuíndo á formación dos alumnos e das alumnas como cidadáns e cidadás con autonomía e criterio propio, e achegándoos/as ás técnicas necesarias para alcanzar un coñecemento máis profundo da complexidade do mundo.



Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimp %	Competencias clave
Bloque 1. Mostraxe						
h i l m	B1.1. Fundamentos probabilísticos. Distribucións de probabilidade.	B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.	MENB1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal, e manexa con soltura as correspondentes táboas para asignarles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente.	10	100	CMCCT
i l	B1.2. Poboación e mostra. B1.3. Mostraxe: tipos. B1.4. Parámetros poboacionais e estadísticos dunha mostra. B1.5. Distribucións dunha mostra.	B1.2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.	MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	10	100	CMCCT CSIEE
			MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estadísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.	10	100	CMCCT
a b c d e f g h i l m n ñ	B1.6. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuados, e analizar de forma crítica e argumentada informes estadísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estadísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.	MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estadísticos que proveñen de diversas fontes.	10	100	CCL CMCCT CD CSC CCEC

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimp %	Competencias clave
o p						
Bloque 2. Estatística inferencial						
i l	B2.1. Estimación puntual e por intervalos. B2.2. Decisións estatísticas. Hipóteses estatísticas. Contraste de hipóteses. Cálculo das rexións de aceptación e rexeitamento, e formulación da regra de decisión. B2.3. Erros de tipo I e II. Nivel de significación. Potencia dun contraste. Relacións entre $\sigma$ , $\mu$ e o tamaño da mostra.	B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.	MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.	10	100	CMCCT
			MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste.	10	100	CMCCT CAA
Bloque 3. Probabilidade condicionada						
i l	B3.1. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B3.2. Regra do produto. Regra das probabilidades totais. Regra de Bayes.	B3.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos.	MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	10	100	CMCCT
i l	B3.3. Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. Cadeas absorbentes. B3.4. Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov.	B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados.	MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.	10	100	CMCCT
Bloque 4. Series temporais						

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimp %	Competencias clave
i l	B4.1. Series de tempo: compoñentes. B4.2. Curva de tendencia. Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados. B4.3. Índice estacional. Índices cíclicos. Variación irregular.	B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.	MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.	10	100	CCL CMCCT
Bloque 5. Programación lineal						
i l	B5.1. Desigualdades. Inecuacións lineais. Problema estándar de programación lineal. Función obxectivo. Solución factible. B5.2. Problema dual. B5.3. Formulación e resolución de problemas de programación lineal con dúas variables por métodos gráficos e interpretación das solucións obtidas.	B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas.	MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado.	10	100	CMCCT CAA CSC
Bloque 6. Métodos numéricos						
i l	B6.1. Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo. B6.2. Converxencia. B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita. B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais. B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies.	B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.	MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.	10	100	CMCCT CSIEE
			MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.	10	100	CMCCT
i l	B6.6. Interpolación polinómica.	B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir	MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas	10	100	CMCCT

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimp %	Competencias clave
		información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.	de interpolación e extrapolación.			
			MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.	10	100	CMCCT

## TEMPORALIZACIÓN MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

TEMPORALIZACIÓN por sesiones	1 <sup>a</sup> AVAL	2 <sup>a</sup> AVAL	3 <sup>o</sup> AVAL
Mostraxe	16		
Estatística inferencial	14		
Intervalos de confianza. Contraste de hipóteses e		16	
Programación lineal		6	
Probabilidade condicionada		7	
Métodos numéricos			20
Series temporais			7



# INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E A PRACTICA DOCENTE

A valoración da tarefa dos profesores da materia realizarase mediante a reflexión sobre dous aspectos fundamentais: a planificación e a práctica docente, achegando propostas de mellora se esta valoración non é positiva:

## PLANIFICACIÓN

1. Fai avaliación inicial para axustar a programación ao nivel dos alumnos.
2. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada grupo de alumnos.
3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.

## PRÁCTICA DOCENTE

1. Avalía os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos.
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer axuda dentro e fóra das clases.
4. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar as explicacións.
5. Promove o traballo cooperativo.
6. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as competencias básicas.
7. Corrixe os exercicios propostos na aula e fóra dela.
8. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como o alumno pode melloralas.
9. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
10. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.
11. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.
12. Emprega diferentes medios para informar aos alumnos e as súas familias.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación basearanse nos seguintes aspectos:

Revisión dos traballos realizados de xeito habitual ao longo de todo o curso, para obter datos tales como o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno, mellora nos seus coñecementos de xeito gradual, hábitos de traballo e presentación de resultados.

O profesor/a corraxirá e avaliará as actividades realizadas polos alumnos, e a partir desas correccións o alumno resolverá as dúbidas existentes. Realizaranse ao longo do curso probas escritas ou orais, traballos individuais ou en grupo, o conxunto de todas elas servirá para obter datos á hora de cualificar a cada un dos alumnos/as.

En toda actividade realizada terá que ser inequivocamente clara a identificación do exercicio, ben indicando o tema e número de exercicio, ou se fora necesario copiando o enunciado completo. As actividades e o traballo realizado serán revisados polo profesor.

A avaliación do seu proceso de aprendizaxe na aula farase mediante a observación habitual dos alumnos para sacar conclusións do comportamento, interese, participación, esforzo no traballo, responsabilidade, consolidación dos conceptos o que se conseguirá a través de algúns dos seguintes **instrumentos de avaliación**:

Exercicios de aplicación.

Exercicios sobre rutinas o algoritmos.

Resolución de problemas.

Aprendizaxe de conceptos.

Avaliación de todo tipo de traballos que o alumno realice con vistas á mellora no rendemento da materia.

Elaboración de proxectos de investigación.

Probas parciais ben por escrito ou orais.

Ao finalizar un bloque concreto, ou cando o profesor o considere oportuno, faranse probas para recoller información sobre o que cada alumno ten aprendido.

En caso de ter probas non superadas, a xuízo do profesor, faranse os correspondentes exames de recuperación das avaliacións suspensas.

## AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación desenvolverase en tres etapas claramente diferenciadas: inicial, formativa ou procesal e sumativa ou final.



*Na etapa inicial:*

Ó principio do curso farase unha avaliación inicial para coñecer o nivel de coñecementos de cada alumno. Os datos obtidos nesta avaliación inicial serán un referente para medir a progresión acadada ó longo do curso de cada alumno/a.

Ó principio de cada período didáctico recopilaranse mediante cuestionarios, observacións ou resultados acadados en avaliacións previas, os datos referentes o grao de capacitación do alumnado ante a materia que se desenvolverá no seguinte período didáctico.

*Na etapa formativa ou procesal:* Realizaranse recopilacións de boletíns de exercicios, traballos, observacións do nivel de seguimento nas actividades propostas polo profesorado na casa e na aula o traballo individual e en equipo, probas escritas, probas orais, lecturas propostas, traballos e demais actividades. Nesta etapa da avaliación outorgarase unha única cualificación numérica de 1 a 10. **Préstase atención nesta etapa ás capacidades, destrezas e estratexias desenvolvidas por parte do alumnado. É cando podemos detectar as dificultades no aprendizaxe.**

*Na etapa sumativa ou final* trátase de avaliar o grao de consecución dos obxectivos do período educativo. En cada avaliación farase a lo menos unha proba escrita que terá como obxectivo comprobar si se poden considerar satisfeitos ou non satisfeitos os criterios de avaliación que considere pertinentes o profesor. A esta proba outorgaráselle unha cualificación numérica de 1 a 10. Si se fan máis de unha proba a cualificación da proba específica será a media (ponderada ou non dependendo da cantidade da materia ou cantidade de criterios de avaliación analizados) aritmética de tódalas cualificacións das probas específicas. O nivel de consecución dos obxectivos propostos polo profesor daralle unha medida da efectividade, e dicir, permitirá a avaliación da práctica docente. Esta avaliación terá por obxectivo mellorar dita práctica e modificala no sentido que pareza pertinente, polo tanto **o proceso de ensino-aprendizaxe baseado nesta programación será obxecto de avaliación**

Valorarase o interese amosado polo aprendizaxe, a participación activa nas actividades, o grao de cooperación cos compañeiros, a actitude nas sesións fóra da aula (informática, audiovisuais, biblioteca, laboratorios,...), o comportamento adecuado e correcto en todas as situacións. Do mesmo xeito, o comportamento inapropiado, o incumprimento das normas ou as condutas inadecuadas e especialmente as entorpecedoras do desenrolo normal das actividades de ensino-aprendizaxe reiteradas serán tidas en conta e poderán ser motivo da no superación da materia. (Actitudes)

## **RECUPERACIÓN-NOTA FINAL DE XUÑO:**

Se un alumno/a ten aprobadas as tres avaliacións a súa nota final será a nota media das tres avaliacións (ponderada ou non dependendo da cantidade da materia ou cantidade de criterios de avaliación analizados en cada avaliación).

Se un alumno ten só unha avaliación suspensa realizará no exame final a recuperación da materia correspondente a dita avaliación. Para aprobar a materia. deberá obter polo menos un 5 na cualificación de dito exame final.

Se un alumno ten dúas ou máis avaliacións suspensas fará un exame final de toda a materia. Para aprobar a materia. deberá obter polo menos un 5 na cualificación en dito exame final.

## **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Esta avaliación farase a través dunha proba escrita deseñada para comprobar se o alumno/a acada os criterios esixibles. Para aprobar a materia. deberá obter polo menos un 5 na cualificación en dito exame extraordinario.

## **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

*A cualificación de cada alumno/a será outorgada como consecuencia do proceso de avaliación, será un reflexo de tódalas actividades susceptibles de avaliación e terá en conta o progreso, os obxectivos e capacidades acadados por cada alumno ó longo do curso. A consecución dos mesmos obxectivos por dous alumnos que inician o curso en distintas situacións non suporán necesariamente a mesma avaliación para ambos.*

En tódolos casos a avaliación outorgada a calquera alumno/a terá que estar de acordo cos principios métodos e procedementos propostos na presente programación didáctica, ser xustificable de acordo coa mesma e dita xustificación terá que realizarse por escrito si así fose solicitada.

A ausencia de explicacións na solución dos exercicios que o requiran repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución sen explicación.

Para a cualificación final por avaliación, o departamento establece o seguinte baremo:

En 1º e 2º de ESO:

- 80% Contidos e procedementos. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas ou dos distintos contidos matemáticos da programación, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada.
- 20% Traballo diario que poderá ser tanto o realizado na aula como na casa. Actitude participativa (traballos, actividades complementarias, lecturas matemáticas, participación no blog, concursos, ...) e positiva (puntualidade, actitude e ausencia de faltas) Dito porcentaxe farase a criterio do profesor.

En 3º e 4º de ESO:

- 90% Contidos e procedementos. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas ou dos distintos contidos matemáticos da programación, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada.
- 10% Traballo diario que poderá ser tanto o realizado na aula como na casa. Actitude participativa (traballos, actividades complementarias, lecturas matemáticas, participación no blog, concursos, ...) e positiva (puntualidade, actitude e ausencia de faltas) Dito porcentaxe farase a criterio do profesor.

En Bacharelato:

- 100% Contidos e procedementos dado que a ensinanza non é obrigatoria. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada. En 2ºBAC CCSS cada exame será da totalidade da materia impartida ate ese momento e a súa ponderación será coa fórmula

$$\frac{\sum_{a=1}^n a \cdot x_a}{\frac{n^2 + n}{2}}$$

onde:  $n$  é nº total de exames,  $a$  o nº de orden do exame (1º, 2º, 3º, ...) e  $x_a$  a nota do exame  $a$ . Se fose necesario reforzar una soa parte o

exame será considerado coma un primeiro exame ( $a=1$ ). O traballo diario e a actitude participativa (traballos, actividades complementarias, lecturas matemáticas, participación no blog, concursos,...) positiva (puntualidade, comportamento e ausencia de faltas) dáse por suposta nesta etapa postobrigatoria. De non ser así pode ser valorado negativamente. En 2ºBAC Ciencias non se fará media con exames con nota inferior a 3.

A nota da avaliación resultará de aplicar o exposto anteriormente e truncar o resultado. Logo para aprobar a avaliación será necesario que os alumnos acaden un 5.

Todos os alumnos que non acaden un 5 nunha avaliación deberán facer un exame de recuperación que tratará dos contidos de dita avaliación. Para superar a avaliación suspensa en dita proba deberá acadar un 5.

Se un alumno/a cometera algunha falta grave no momento dos exames tal como copiar, intercambiar información, utilizar chuletas, utilizar dispositivos electrónicos non autorizados... a súa cualificación será a nota mínima.

Os alumnos coas Matemáticas suspensas de cursos anteriores serán avaliados en dous exames o longo do curso, tendo un exame final en Maio se non superan cada un dos dous exames anteriores. Para superar a materia será necesario que acaden un 5 en cada un dos exames ou un cinco na proba final de Maio.

### **Xustificación de faltas de asistencia**

Os pais/nais/titores/titoras deben comunicarlle ao profesor/a ou titor/titora de xeito anticipado, sempre que sexa posible, cando un alumno non poida facer unha proba, así como a causa de tal impedimento. Se non o puidera facer antes da proba comunicarao o antes posible e sempre antes da seguinte proba. En ningún caso se fará unha proba a un alumno/a, que faltara no seu día sen xustificación, unha vez entregadas as cualificacións da avaliación correspondente e nese caso a cualificación será cero.

En caso de que o profesor así o requira deberá aportarse certificado médico oficial (en case de enfermidade) e, en calquera outro caso, documento que acredite a imposibilidade realizar a proba.

## **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

Asumimos como principios de intervención educativa:

1.-Necesidade de partir do nivel que posúen os alumnos.

2.-Necesidade de asegurar a construción de aprendizaxes significativos, e para asegurar unha aprendizaxe significativa debe de cumprirse que:

- a) O contido debe de ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina ou área coma dende a estrutura psicolóxica do discente
- b) Necesidade de que os alumnos teñan unha actitude favorable para aprender significativamente, e dicir, que estean motivados.

Intentarase sempre conseguir a maior motivación posible nos alumnos de cara a materia obxecto da práctica docente. Para conseguir o obxectivo anterior empregaranse lecturas adecuadas a tal obxecto así como exemplos pertinentes e que estean inspirados na vida cotiá e sexan exteriores as aulas. Tratarase de que as matemáticas sexan percibidas como unha potente e adecuada ferramenta para resolver problemas na vida real. Entendemos que para que os contidos sexan autenticamente significativos deben de ser funcionais, e dicir, Matemáticas para a vida.

O alumno debe de ser o protagonista do seu propio aprendizaxe, aprenderá polo tanto e fundamentalmente a partir do seu propio traballo, non debe reducirse a realización máis ou menos correcta dos problemas e tarefas que se lle propoñan senón que debe de ser especialmente activo, eso supón participar nos debates, discusións e postas en común con toda a clase, plantexar todas as dúbidas que teña, analizando os erros que comete ao realizar as tarefas, etc. Polo tanto o papel do profesor consiste basicamente en orientar e guiar ao alumno na súa aprendizaxe organizando e planificando os contidos e actividades así como o seu desenvolvemento, creando un ambiente de traballo na clase no que o alumno se sinta a gusto, participe, opine e respecte a opinión dos demais.

#### **Como propostas metodolóxicas consideramos as seguintes:**

Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.

Uso de materiais e procedementos de resolución variados.

Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.

Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación e a elaboración posterior de documentos que a presenten de forma clara e coherente.

Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas que é imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego de diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, comprobación e aceptación ou rexeitamento de hipóteses, o deseño, emprego e contraste de

estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais, onde os conceptos e métodos matemáticos empregados mostran tanto a súa potencia como a súa relevancia.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICO QUE SE VAN A UTILIZAR**

Como recursos didácticos usaranse os tradicionais: libros de texto establecidos en cada curso e materia pero, non serán o único instrumento de traballo, así cando o profesor o estime oportuno facilitará boletíns de problemas ou exercicios propostos elaborados por el mesmo ou polo Departamento, así como material obtido por outros procedementos (Internet,...), enciclopedias multimedia, pizarra interactiva da que dispón o Centro, vídeos, etc...Tamén se utilizarán os materiais que figuren nas páxinas web e na aula virtual que os profesores recomenden

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Os membros do departamento consideran as materias de Matemáticas de 1º, 2º e 3º de ESO como materias con contidos progresivos e así propón que se inclúa no Proxecto Educativo do Centro como **criterio de avaliación** das materias pendentes de cursos anteriores que *cando un alumno/a obteña avaliación positiva na materia do curso actual se considere avaliada positivamente a materia pendente de calquera curso anterior*. Cando os recursos e a organización do centro o permitan o departamento establecerá clases de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores fora do horario oficial dos alumnos, estas clases terán carácter voluntario para os alumnos, sen embargo a participación activa en ditas clases e os traballos desenvolvidos nas mesmas polos alumnos serán tidos en conta a hora de avaliar as materias pendentes. Independentemente de estas clases que se impartirán cando as condicións do centro o permitan os profesores que teñan alumnos con materias do departamento pendentes de cursos anteriores propoñerán ós alumnos tarefas adecuadas que supoñan un reforzo e unha axuda na aprendizaxe dos contidos correspondentes a ditas materias, ditas tarefas permitirán establecer si teñen os alumnos o debido progreso ou se presentan algunhas dificultades en cuxo caso se atenderán de un modo máis exhaustivo, e si non é posible dentro da clase usual, proporase unha atención fora de dito horario, esta circunstancia só será contemplada si se ten constancia da vontade de superar as dificultades por parte do alumno. Esta vontade ten que ser manifesta a xuízo do profesor.

Estableceranse probas escritas en cada avaliación para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, e ademais cerca do final do curso unha proba cos contidos de toda a materia para aqueles alumnos que non teñan superada a materia pendente nesas datas.

## **ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS**

No caso de que un alumno cambie de modalidade ao pasar de curso considerárase que a materia non cursada con anterioridade será avaliada como materia pendente.

## **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Ó principio do curso farase unha avaliación inicial para coñecer nivel de coñecementos de cada alumno. Os datos obtidos nesta avaliación inicial serán un referente para medir a progresión acadada ó longo do curso de cada alumno/a.

A proba inicial basearase nos contidos esenciais necesarios para poder seguir a materia do curso. O seu análise por parte do profesor permitirá detectar as posibles carencias que entorpecerían a adquisición dos obxectivos previstos.

Como medidas para paliar as posibles carencias adoptaranse segundo está previsto na ley de atención a diversidade: reforzo individual na aula, agrupamentos específicos e ACI coa colaboración do Departamento de Orientación do centro.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Partindo de que o ensino das Matemáticas ten que responder o principio de “Matemáticas para todos”, e dicir, todos os alumnos e alumnas deben de adquirir os coñecementos matemáticos necesarios para desenvolverse como cidadáns, capaces de exercer os seus dereitos e cumprir os seus deberes nunha sociedade pluralista, democrática e tolerante que incorpora, cada vez máis, no seu funcionamento, nas súas actividades e na súa linguaxe aspectos matemáticos. Entón unha educación matemática básica para todos supón asumir a diversidade, e dicir, se todos os alumnos non son iguais en capacidades, en experiencias previas, en motivacións, etc... non podemos intentar ensinalles a todos o mesmo e o mesmo tempo.

Para a atención a diversidade o departamento participa nas medidas adoptadas polo Centro impartindo os correspondentes Agrupamentos Específicos en cada un dos cursos da ESO e ademais colabora na elaboración da programación ou impartindo o Ambito Científico nos Programas de Mellora del Aprendizaxe e Rendemento establecidos no centro e cando sexa posible establecendo medidas de reforzo dentro e fora da aula para alumnos que o precisen. Ademais destas medidas que se aplican de xeito xeral todos os membros do departamento tratarán de que a súa práctica docente sexa o mais personalizada posible, modificando a súa actuación ou a secuencialización e temporalización para que o proceso de ensino aprendizaxe se adecúe sempre a situación real existente na aula en cada momento. Os citados membros do Departamento tamén poderán dispoñer con carácter voluntario para os alumnos de un tempo fora do horario habitual do curso para a realización de problemas ou actividades que faciliten ós alumnos as tarefas de aprendizaxe que lles son pertinentes.

O proceso de ensino-aprendizaxe será o mais personalizado posible o que en algún momento supoñerá que dentro dunha mesma clase se encarguen tarefas diferentes ou con distinta dificultade ós alumnos integrantes de dita clase, o grado de dificultade estará adecuado as posibilidades de cada alumno tratando de alcanzar o mellor resultado posible en cada caso. Este procedemento será o a práctica usual nos Agrupamentos Específicos en todos os momentos.

Tan pronto como se detecte algunha dificultade na avaliación inicial o unas seguintes avaliacións establecerase un plano de recuperación individualizado e adecuado ó alumno co obxectivo de facerlle superar as dificultades aparecidas. O mencionado plano de recuperación incluírá explicitamente mencionadas as tarefas que o alumno deberá realizar, indicacións precisas das fallas e dificultades atopadas e un método que permita comprobar si se superan ou non as dificultades mencionadas.

Tamén se atenderá si se da o caso a aqueles alumnos que teñan unha especial capacidade ou superdotación, nese caso propoñeranse outro tipo de tarefas a tales alumnos, poderase adicarlles un tempo suplementario fora do horario habitual e ver a posibilidade de incorporalos o proxecto de Estimulación do Talento Matemático (Estalmat Galicia).



## CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Entendemos por temas transversais todos aqueles coñecementos, métodos e aplicacións das matemáticas a distintos ámbitos relacionados ca vida do alumno, co seu entorno mais inmediato, cas súas inquedanzas e afeccións, ca sociedade na que vive, con contidos impartidos noutras áreas e cos valores que a educación debe transmitir as novas xeracións..

Os elementos transversais constitúen un instrumento motivador para o alumno, e axudan a aumenta-la capacidade de relacionar os seus coñecementos, empregándoos para coñecer mellor distintos aspectos da realidade circundante.

Na actualidade, os libros de texto propoñen actividades e exercicios que, por si mesmos ou con lixeiras e oportunas modificacións, permiten tratar estes temas. Pero o tratamento non ha de entenderse como algo individualizado no tempo, senón que se integrará no desenvolvemento da materia nos momentos oportunos.

A terminoloxía de temas transversais, actividades interdisciplinares ou calquera outra que se empregue, debe dirixirse ó profesor como un léxico necesario para nomear e describir situacións e actividades, pero o alumno non ha de percibir que, nun intre dado, está traballando algún tema transversal, senón que este tema presentárase e integrárase no transcorrer habitual da materia, tratándose como un elemento máis do currículo.

Tanto a prensa como as actividades da vida cotiá e as demais materias, presentan situacións que poden ser tratadas coas ferramentas matemáticas de que se dispoña en cada curso. Sobre todo se os temas teñen certa actualidade ou curiosidade para os alumnos poden conter elementos motivadores nas clases de matemáticas, contribuíndo a acercar a materia o acontecer da sociedade.

Como orientación sobre este tipo de actividades, é de interese o libro “La matemática aplicada a la vida cotidiana”, de Fernando Corbalán, publicado na editorial Graó. Un pouco mais orientado a matemática aplicada a tecnoloxía, pero de un nivel alcanzable e con exemplos moi atractivos, pódese citar o libro “Matemáquinas”, de Brian Bolt, publicado pola editorial Labor xunto con outros varios do mesmo autor.

Moitas e moi diversas actividades, incluíndo test xeométricos, visuais e numéricos, lóxicos, eta. se poden encontrar nunha colección de varios volumes coma “Juegos de la inteligencia”, “Juegos de lógica y matemática”, “Juegos psicológicos”...., publicados na editorial Pirámide.

A actualidade e a prensa proporcionan campos de actuación para traballar aspectos relacionados coa igualdade, cos recursos materiais, enerxéticos, alimentarios, co desigualdade no reparto da riqueza no mundo e no noso país, coa solidariedade e a xustiza social, eta. Calquera deles pode ser obxecto dunha

reflexión numérica, mais ou menos profunda, que permita situar os problemas nunha verdadeira magnitude, afastada do sensacionalismo e oportunismo co que, frecuentemente son tratados.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Matemáticas contempla a posibilidade de asistir se e factible con os alumnos a todas as exposicións cuxo contido teña relación co as Matemáticas ou se consideren positivas para a ensinanza e aprendizaxe das mesmas. Tamén se contempla a posibilidade (sempre que ós alumnos teñan interese), de participación en concursos e probas que se realicen e teñan carácter matemático:, Olimpíada, Rallye Matemático, etc.

Como actividades complementarias o departamento poderá convocar concursos coma “Matemáticas na Música”, “Adiviña, adiviña”, “Adiviña quen son”, “Fotografía matemática” ou calquera outro para potenciar e fomentar a lectura e a utilización das TIC. Tamén organiza exposicións relacionadas coas matemáticas. Co mesmo obxectivo utilízase o blog do departamento: [matematicasxm.blogspot.com](http://matematicasxm.blogspot.com)

Participación no programa APONTE da USC.

## TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

“A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.”

Para cumprir con tal disposición, antes da introdución de calquera contido e na súa motivación poderá incluírse algunha lectura pertinente da historia das Matemáticas e algunha biografía dalgún matemático relacionado co tema a desenvolver. **Tamén literatura que teña un contido matemático**

En cada curso poderá facilitarase unha lista de libros de divulgación matemática ou que teñan algunha relación coas mesmas, empregarase a lectura de tales libros como un elemento motivador nas clases, estudando as matemáticas contidas neles e valorando positivamente (valoración que será reflectida na

cualificación) a aqueles alumnos que adiquen a atención debida a esta tarefa. A tal fin o departamento seguirá destinando parte do seu presuposto á compra de ditos libros e que están a disposición do alumnado na biblioteca do centro.

## **TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC**

Como o Centro dispón de aulas de Informática que ten algunhas horas en que non está utilizada, os profesores do departamento poderán facer uso de ditas aulas cando supoña unha axuda para a aprendizaxe da materia que esta sendo obxecto de estudio así como para amosar unha forma diferente no tratamento de dita materia, un exemplo de emprego, etc. Tamén se contempla a posibilidade de empregar a pizarra interactiva da que dispón o centro en unha aula independente cando sexa oportuno en función da materia, ou dos alumnos.

No desenvolvemento do seu traballo os membros do departamento colaborarán a que ó rematar a escolarización obrigatoria o alumnado acadara competencia dixital, e dicir, que dispoña de habilidades para buscar, obter procesar e comunicar información e sexa capaz de transformala en coñecemento e transmitila en diferentes soportes. Os membros do departamento sempre que sexa conveniente e posible empregarán as tecnoloxías da información e comunicación para o traballo diario, proxectos, explicacións, actividades, xeración de exemplos, comprobación experimental de resultados (parecen especialmente adecuadas para temas de estadística e probabilidade, representacións gráficas, xeometría dinámica, etc.). O mesmo tempo o departamento como e lóxico colaborará cos restantes membros do claustro en tódolos aspectos que teñan que ver co fomento das TIC (elaboración e mantemento de páxina web do centro, elaboración de concursos e probas empregando TIC, etc.). Así mesmo manterase o blog do departamento (<http://matematicasxoanmontes.blogspot.com/>) para informar de calquera incidencia relacionada co seu labor (exames de alumnos pendentes, concursos, etc) e calquera noticia de divulgación matemática que se considere oportuna

Os membros do departamento valorarán de xeito positivo, e tal valoración terá consecuencia cuantitativa na avaliación, o emprego por parte dos alumnos das TIC tanto na elaboración como na presentación dos traballos e tarefas que se lles encomenden ó longo do curso.

## **CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO**

Tanto a programación coma os aspectos xerais da programación que afectan a cada curso como os específicos están colgados na páxina web do instituto, na páxina web do departamento e nas webs dos profesores que a dispoñan.

## **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Nas reunións de departamento tratarase de forma periódica a marcha de cada curso nos diferentes niveis para dun xeito colexiado adoptar as medidas oportunas co fin de mellorar o noso traballo e facer posible a consecución dos obxectivos desta programación. Neste proceso de continua renovación teranse en conta as posibles melloras de cara aos próximos cursos.

Dentro dos procedementos para avaliar a nosa programación, teremos en conta os seguintes:

- **Análise da avaliación ordinaria de xuño:** Teremos en conta a porcentaxe de aprobados en relación cos resultados obtidos noutras materias.
- **Análise da metodoloxía empregada ao longo do curso:** Segundo o nivel académico dos/das alumnos/as e tendo en conta as súas necesidades específicas (outras etnias, inmigrantes, alumnos/as con discapacidade, ...) facer novas adaptacións curriculares ou cambiar a metodoloxía empregada. Claro está que neste caso, o máis apropiado sería facer grupos de reforzo con un/unha profesor/a de apoio.
- **Materia impartida durante o curso:** No caso de que queden contidos sen impartir durante o curso analizar as causas; que poden ser por falta de tempo, porque o nivel do grupo fose moi baixo, por adicarlle moitas sesións a probas de avaliación e recuperacións, ... Neste caso, como xa se fixo en cursos anteriores, recoméndase comezar o curso seguinte por aqueles temas non impartidos ou nos que non se afofonou demasiado.
- **Análise das TIC empregadas:** Pode ser que os/as alumnos/as necesiten máis motivación en determinados temas como o emprego da pizarra dixital, navegar máis por internet, programas audiovisuais de reforzo, etc
- Calquera outra que se considere oportuna



## CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO E INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO

IES Xoán Montes. Rúa Montevideo s/n. 27004 Lugo

[ies.xoan.montes@edu.xunta.es](mailto:ies.xoan.montes@edu.xunta.es)

Centros adscritos: CPR A Milagrosa e CEIP Quiroga Ballesteros

Integrantes do departamento

-Iván Fernández Sanmartín: (completa horario no departamento de tecnoloxía e co ámbito do PMAR)

ESO (2º), Ámbito: Ámbito Científico – Tecnolóxico, TIC

-M<sup>a</sup> Beatriz Ovalle Neira:

ESO (1º, 2º, 3ºA Académicas), 1º BAC Ciencias.

-María Luz Rodríguez Carreira

ESO (1º, 2º, 3ºB Académicas), 1º BAC CCSS.

-Marcelino Sampayo Ruíz (Xefe de departamento):

ESO(1º, 4ºA Académicas). Bacharelato (Mat. Aplicadas ás CCSS.II, Métodos Estatísticos e Numéricos)

-Xosé Miguel Vázquez Vázquez:

ESO ( 4ºB Académicas), Bacharelato(Mat II, Reforzo Mat.II)

Lugo, 29 setembro 2019